

**VI CURSO DE FORMACIÓN SOBRE O PATRIMONIO LÚDICO  
“XOGO, LITERATURA ORAL E MÚSICA”**

**Santiago, 13 e 14 de novembro de 2015**

**AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE**

Os participantes no Curso cumprimentaron un cuestionario de avaliación, que se reproduce a continuación xunto coa valoración media de cada unha das cuestións sobre as que se preguntaba.

1. Asistirías a outro Curso destas características?  
Si (100%)

*Cualifica de 1 (cualificación máis negativa) a 5 (a máis positiva) as seguintes cuestións e engade o que considerares:*

2. En conxunto, o Curso respondeu ás expectativas que tiñas depositadas nel?  
4,49
3. Cal é a túa opinión sobre o título que se ofrecía no programa de cada unha das actividades desenvolvidas en relación co que foi realmente a súa realización práctica?  
4,63
4. A calidade das intervencións dos relatores/a que interviñeron no Curso considérala:  
4,09
5. Valora, xenericamente, o cumprimento dos contidos do Curso:  
4,47
6. Os aspectos abordados no Curso, son de utilidade, no seu caso, para a docencia e o traballo co alumnado? 4,47
7. A túa valoración sobre a estrutura da actividade é:  
4,39
8. O tempo destinado a cada unha das actividades, e en conxunto, pareceche:  
3,86

9. Que opinión che merecen os lugares (interiores e exteriores) onde se desenvolveu o Curso?  
4,56
10. A túa opinión sobre os materiais empregados no Curso é:  
4,43
11. Sobre a adecuación das datas de celebración:  
4,52
12. Sobre a adecuación do lugar de celebración:  
4,54
13. Sobre a duración da actividade:  
4,22
14. A valoración da aprendizaxe en relación cos teus coñecementos previos á actividade é:  
4,54
15. A túa opinión sobre a organización xeral do Curso é:  
4,43

16. Cualifica cada unha das actividades desenvolvidas:

<u>Obradoiro</u> : Aprendizaxe e práctica de xogos tradicionais	4,77
<u>Relatorio</u> : O xogo tradicional, delimitación conceptual (João Amado, Antón Cortizas, Clodio Glez. Pérez)	4,20
<u>Obradoiro</u> : Tantarantán, percusión... (Juan Collazo)	4,63
<u>Obradoiro</u> : Os xogos con música... (Juan Parga)	4,82
<u>Relatorio</u> : Literatura e xogos... (César C. Vega)	3,12
<u>Obradoiro</u> : Xogo simbólico... (Afonso García)	4,72
<u>Obradoiro</u> : O xogo trad. na linguaxe musical... (Diego Paz)	4,68

17. Como soubeches da existencia do curso?

5	Por correo electrónico
3	A través do Facebook
3	A través de internet
0	Por medio de carteis publicitarios
8	A través doutra persoa
5	Por outra vía, cal? CONCELLO, CENTRO DE ESTUDOS, CENTRO ONDE TRABALLO...

18. Suxire un título para o VII Curso de formación sobre o patrimonio lúdico:

Xogo tradicional e:

- Achegamento ao patrimonio inmaterial e á infancia.
- Música tradicional / instrumentos musicais / fabricación de instrumentos (x 5).
- Tempo libre.
- A súa integración na escola / divulgación nas aulas.
- N.E.E.
- Diversidade funcional.
- Lendas galegas.
- Diversión.
- Natureza.

19. Espazo reservado para que digas todo o que che quedou por dicir:

Síntese:

- Fixemos máis horas das que se certifican (3 persoas).
- Impuntualidade no cumprimento dos horarios (2 persoas).
- Máis tempo para os xogos (esta foi unha demanda tamén no V curso). Non tivemos tempo de coñecelos.
- É imprescindible que haxa tempo de debate e preguntas (3 persoas).
- Os relatorios poderían ser mais dinámicos.
- O relatorio do sábado podería ser a 1<sup>o</sup> hora e despois todos os obradoiros.
- Estaría ben facelo en Lugo (cambiar o Curso de provincia foi unha suxestión da edición pasada).
- Máis tempo para os obradoiros.
- Parabéns (6 persoas).

Desde a perspectiva do colectivo organizador, o Curso cumpriu razoablemente os obxectivos a partir dos cales foi convocado. Por unha parte, permitiu afondar no proceso de divulgación do patrimonio lúdico galego. Por outra, contribuíu á consolidación de liñas de reflexión sobre as posibilidades educativas que nos ofrece o xogo tradicional, particularmente desde a óptica da didáctica da educación musical.